

Compañeir@s: Observo con asombro como dun debate que se estaba a iniciar con maior o menor fortuna pasamos –Asemblea polo medio– ás “caras de Bélmez” e aquel pouquiño debate foi para o carallo. De verdade pensades que NEG debe considerar innecesario un debate a fondo sobre do porvir da lingua galega e poñer os seus esforzos en “desentretañar” (que así se di en chairego) o misterio das caras esas? No prazo máximo de dez ou once meses haberá unhas eleccións “autonómicas”, delas podería moi ben saír outro goberno distinto do actual –*Señor escucha nuestras oraciones!* – (xa sabedes que a Deus hai que lle falar en español que non entende ou non escoita o galego). Cando nos pase a alegría dos primeiros días nos que hai que explicarlles unha e outra vez aos que chegan que a tal alegría é por botarmos aos que había non porque veñan eles, haberá que definir unha nova Política Lingüística: Consellaría? Viceconsellaría? Dirección Xeral en Educación? En Presidencia? Que política lingüística? Que se fai co novo plan aprobado no hai moito? Claro que tamén pode suceder que volva a ganar o diplotocus e a cousa siga igual...

É por iso que eu quería suxerir que lle dediquemos un tempinho ao asunto, por iso quero comezar por facer algúns comentarios sobre da situación actual da lingua.

Ninguén me vai negar que a situación da lingua agora mesmo é realmente mala, nin me tacharán de pesimista reaccionario se que, medida en termos de “esperanza” (que xa sei que non é unha magnitude moi científica) é peor que hai quince ou vinte anos. Daquela era incuestionábel que o galego era a lingua exclusiva de determinadas actuacións públicas: comunicados dos concellos, dos colexios profesionais, do teatro, das pancartas... e qué sei eu de cantas cousas miúdas máis, que tiñan a función de facer presente a lingua na sociedade. Hoxe todo iso non só retrocedeu de forma un tanto vergonzante, senón que xa é posto en cuestión con toda a desfachatez.

Hai un tempo aínda ficaban algúns “líderes da sociedade” (chamadeiro e papel que se outorgaron a si mesmos os políticos) que facían todas as súaxs intervencións públicas en galego, hoxe xa a cousa se reduce a “algunhas”. E xa nondigamos unha vez que abandonan o cargo, é coma se se espisen dunha veste de comenencia: Anxo Guerreiro e Xerardo Estévez desde que abandonaron a actividade política se primeiro plano escriben os seus artigos na Voz en español, iso que eran dos menos malos (X. Estévez mesmo viña do PSG, se non me equivoco). O alcalde de Oleiros, *Gelo*, que pide o voto para o Bloque, envía agora ás nais máis recentes unha serigrafía de Isaac Díaz Pardo acompañada dun texto en español, cousa que antes non facía (se estou equivocado avisade). O Pepiño Blanco que falaba galego cando era presidente do Consello da Xuventude de Galicia (aquele consello das contas pouco claras) e agora non dá unha palabra en galego porque “*se metió a español*” Todo isto sucede porque permitimos que o idioma deixase de ser unha cuestión de interese no debate político, porque o consenso social na actualidade é contrario ás nosas proposición e propostas, por iso X.C. Caneiro fai xogos español-galego nos seus artigos de *La Voz*; e no mesmo xornal M. A. Murado pasou a escribir os seus en español, como xa hai tempo que fixera Carlos Reigosa (Eu cito exemplos da Voz, que é o que coñezo mellor, pero seguro que @s compañeir@s poderías dalos do Faro, da Región, do Progreso, etc.)

No campo da lingua galega podemos asistir, cunha pouca de atención a debates que poden virar tolo a calquera, poño por caso entre a Xunta e Galicia Hoxe a propósito de se a saúde da lingua é boa ou é mala. Pero se somos mesmos! Que xogo de falso debate nos queren poñer diante? Pretenden que pensemos que lles preocupa para térmonos adormentados! Perdoade que volva a un asunto que, como desexaban, tennos a todos fartos e non queremos seguir a falar del, refírome ao “L” d’A Coruña. É un verdadeiro caso de gañarnos por térmonos aborrecido, por facérmonos baixar os brazos de tanto telos en alto. E a cousa segure de actualidade, porque a semana pasada o Presidente da Deputación d’A Coruña dixo en Radio Coruña (SER) que na cuestión do topónimo a cousa estaba clara: a provincia é en *castellano* e en galego A Coruña, pero a cidade é *La Coruña* en *castellano* e A Coruña en galego, díxoo tan campante e nin tremeu a terra nin se escandalizou ninguén nin o Bloque, o seu socio de goberno provincial, dixo que isto é un disparate coma unha casa e quen sosteña tal burrada está tolo e incapacitado para ser presidente da comunidade de propietarios do seu edificio. O escandaloso non é que Fco. Vázquez volva sobre do asunto (e os seus corifeos Moreda, Losada, Méndez... asintan sorrintes), o grave é que non reaccionamos pedíndolle contas a Touriño polo seu apoio, pedíndolle contas a Fraga por aquilo “das formas”, pedíndolle contas a ao goberno español do PSOE que olla para a absurda lea catalán- valenciano (que non é máis que un invento do PP de Valencia) pero para aquí, como é dos seus nin mira, e varios dos seus ministros e vice-ministros dan o seu apoio á trapallada, insultando e blasfemando sobre das nosas leis que, polo visto poden seren anuladas por calquera lei española. Iso é que pon en cuestión o futuro do idioma e non a s arroutadas dun fascistón empoleirado no casa do concello d’A Coruña.

Estou totalmente de acordo co que dicía Miguel nunha das súas últimas achegas ao debate fenecido, que para salvarmos o idioma debemos contar cun consenso social suficientemente amplo. Pero como se chega a este consenso? Está claro que co feito até agora non é posíbel, haberá que procurar outros camiños e a historia e a sociolingüística teñen demostrado que os hai. Sempre poñemos o exemplo do hebreo en Israel, pero tamén debemos ollar para o eusquera.

Como ben sabemos todos isto dos consensos sociais é coma o estado civil que constaba antes no DNI e agora non porque todos acabaríamos poñendo mudábel. Os consensos sociais son mudábeis. Agustín sempre poñía un exemplo moi bon (supoño que o seguirá a poñer): aquí pasouse en tres meses e cun gasto de 500 millóns de pesetas de OTAN non a OTAN si. Cantos quedamos agora a seguir no de OTAN non? Quero dicir que modificar as actitudes d@s galeg@s fronte ao idioma tamén é unha cuestión de pasar das campañas que, máis ou menos ás agachadas, se fan en contra a que publicamente se fagan a favor. Hai que valorar cantos euros custa e investilos en campañas de mudanza de actitudes (estou a falar de accións ben planificadas e ben feitas non vaíamos volver ao de “fálalle galego ao piollo”. E detrás dunha outra, e despois outra, e así até que a cousa mellore, que estamos a investir no noso futuro como nación e na nosa saúde mental, iso que os que sabedes lle chamades autoestima.

Ben sei que se acaba de aprobar un novo PNL, pero decatástesvos de que se fixo de xeito case clandestino? Tanto que non sabemos cal é o nivel de

compromiso que os partidos tomaron para levalo a cabo, os prazos, o seu desenvolvemento polo miúdo, os niveis de esixencia que vai ter a súa posta en funcionamento, etc. etc.

En fin compañeir@s eis a miña proposta de debate: Non sería posíbel a esta altura da preocupante situación da lingua galega, facer, crear, propoñer... unha (resístome a chamarlle plataforma, pero tod@s me entendedes) ... na que, desde NEG se convide a participar a todo aquel organismos, institución, persoa individual... , en fin, a quen queira participar porque me refiro a todo "quisque" que lle pete no peito a dor do idioma (asociacións de escritores, de veciños, sindicais, asociacións culturais, MRP's...) a facer o "Nunca máis " da lingua? E por que? Pois para esixir das forzas políticas unha clarificación máxima do seu programa no tocante ao tema. Que para iso xa está a Mesa? Si, pero agora é toque de rebato, os sinos da parroquia galega tocan a lume, compañeir@s.

Non ha faltar a quen lle parezan estas ocorrencias miña disparates, e mesmo pode ter razón, pero, por favor, se por onde eu digo non vai a cousa, que me digan por onde, que até a gora todo ficou en aconsellarme sosego, pacencia, moita sedución... que a lingua non se impón. Pois xa vedes eu penso que si, que se impón, polo menos o español así o fai, imponendo a forza que lle dan os moitos cartos que ten detrás para mudar as actitudes, para crear consensos sociais.

Ah, que me esquecía: eu quérovos moito a tod@s, que sodes moi boa xente, pero non me deixedes soíño.